

MÉRCORES, 18 DE MARZO DE 2020

1º PRIMARIA

1º CIENCIAS SOCIAIS:

Bos días! Como ides peques? Hoxe imos rematar o tema que estivemos a traballar, facendo dúas páxinas que nos axudarán a organizar todo o aprendido. Para iso, imos facer a **páxina 75** na que completaremos o esquema e ordenaremos letras! A continuación, realizaremos a **páxina 76** "Que aprendín?"

Por último, podedes ver o seguinte vídeo no que servirá para repasar un dos contidos traballados no tema. Unha vez visto, poderedes facer un debuxo cos distintos tipos de auga que podemos atopar, é dicir, salgada e doce!

<https://www.youtube.com/watch?v=CF-JVFINsws>

2º LENGUA:

Continuamos! Hoxe imos coñecer que son os nomes, aínda que... xa o sabemos! Xa que son todas as palabras que utilizamos para identificar as cousiñas. Por exemplo: un animal (león), unha planta (rosa), un xoguete (balón), un moble (mesa)... Para completar e repasar esta información, faremos as **páxinas 112 e 113**.

No exercicio 1 debes escribir dous nomes de cada clase como fixen eu antes, no exercicio 2 deberedes completar a oración con dous nomes de animais que viven na selva. No exercicio 3, teredes que indicar cal é o nome de cada debuxo e responder a pregunta. Por último, faremos o exercicio 4 onde iremos completando as preguntas e respostas. Moi sinxelo, a por elo!

3º MATEMÁTICAS:

Chic@s! Hoxe aprenderemos outros 10 números mais!

ata o número 59!!!!

Primeiro vamos a practicar cos bloques multibase:

- *collemos o número 49*
- *sumamos unha unidade que máxicamente se convirte en... unha decena e aparece o número... 50!!*
- *sumamos unidades unha a unha ata chegar ao número 59*

Ahora vamos a facer os exercicios da páxina 88 e 89.

Listo? xenial! vamos a ver un vídeo de repaso:

<https://www.youtube.com/watch?v=F-uh42Kdc-c>

4º MATEMÁTICAS:

Todo bo debuxo necesita unhas boas liñas verdade?? liñas rectas para facer unha casa, curvas pechadas para facer un sol ou... curvas abertas para debuxar un río. Pois ben, vamos a facer os exercicios da páxina 94 e 95 do libro. Demostrade os artistas que levades dentro :)

5º LINGUA:

Como vos foi co traballíño do luns? Espero que vos resultara moi sinxelo.

Hoxe, continuaremos no libro de espiral:

- Le 2 veces a páxina 25
- Realiza as tarefas das páx 26 e 27